biblioteca básica do comercio

coidadiño

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRÍA
Dirección Xeral de Comercio

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRÍA
Dirección Xeral de Comercio

biblioteca básica do comercio

edita: Consellaría de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Comercio.
coordina: Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
data: Xullo 2008
depósito legal: C 4756-2008

coidadiño

apuntamentos para a prevención de riscos laborais no pequeno comercio

PRESENTACIÓN

A Consellaría de Innovación e Industria márcase como un dos seus obxectivos principais acadar a plena profesionalización do sector comercial.

É unha satisfacción para min presentar esta colección de manuais prácticos para o noso sector comercial que denominamos como "Biblioteca Básica do Comercio". Trátase dunha colección de manuais cos que queremos contribuir a unha maior formación dos/as profesionais do sector do comercio naqueles temas que sendo de máximo interese e actualidade teñen que ver coa súa actividade cotiá .

Pretendemos dotar ao noso comercio dunha ferramenta de apoio onde se traten temas fundamentais dunha forma sinxela e práctica dándolle prioridade á elaboración de pautas e recomendacións adaptadas ás suas necesidades.

Os cambios no comercio galego deben ir parello ás profundas transformacións que se están a producir no mercado. A clientela, cada vez máis formada e informada, precisa de comerciantes que respondan ás súas necesidades.

O mantemento dunha posición competitiva require do desenvolvemento e potenciación dos elementos que o caracterizan: atención personalizada, especialización con respecto a outras fórmulas comerciais, maior coñecemento dos produtos e, polo tanto, a posibilidade dun mellor asesoramento ás persoas que se achegan aos establecementos comerciais, sendo ademáis fundamental obter unha diferenciación competitiva e un posicionamento baseado na calidade do servizo.

O obxectivo da Consellaría de Innovación e Industria é precisamente consolidar o comercio galego como un comercio de calidade e un sector económico de referencia.

Con esta iniciativa queremos dar un paso máis neste sentido e, agardo que a colección que presentamos sexa da súa máxima utilidade.

FERNANDO X. BLANCO
Conselleiro de Innovación e Industria

LIMIAR

Durante a xornada laboral dos/as traballadores do sector do comercio polo miúdo, lévanse a cabo moitas e diferentes tarefas, das cales, poden derivarse algunhas situacións de perigo para a seguridade e a saúde.

O obxectivo deste caderno é dotar aos establecementos de apuntamentos básicos para reducir ou eliminar aqueles riscos ou perigos que se produzan durante a xornada laboral e dotalos de pautas de actuación que melloren a súa actividade.

Cada vez é máis crecente a necesidade de integrar as normas básicas de prevención (limpeza, orde, confortabilidade acústica, etc.) como un elemento máis dentro da estratexia de diferenciación dos establecementos comerciais xunto con outros factores como a calidade, a imaxe, a atención á clientela.

Neste sentido, a nosa estratexia pasa por unha banda, por proporcionarlle ao comercio polo miúdo a información necesaria para mellorar o desenvolvemento da actividade comercial e reducir ao mínimo os riscos aos que pode estar exposto durante a actividade de venda e por outra, crear un bo contorno de traballo dentro dos establecementos comerciais galegos.

A Consellaría de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia, vén de crear a **Biblioteca Básica do Comercio**, unha colección de manuais-guías para contribuír á formación dos/as profesionais do sector, nos aspectos clave no desenvolvemento da súa actividade comercial.

Esta iniciativa formativa e de posta ao día dos/as comerciantes, representa, sen dúbida, un impulso máis a un comercio galego de calidade, competitivo e fortemente comprometido coa sociedade e co seu ámbito.

A Biblioteca Básica do Comercio complementa outras actuacións levadas a cabo pola Consellaría de Innovación, a través da Dirección Xeral de Comercio, que permitiu, con grande éxito, a implantación do Selo de Calidade do Comercio Galego.

A obra, cun enfoque divulgativo, áxil e fundamentalmente práctico, e cunha presentación amena, atractiva e de fácil comprensión, consta inicialmente de 13 títulos:

Apaga o candil: medidas e hábitos de aforro enerxético.

Coidadiño: prevención de riscos laborais no comercio.

Paso libre: accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

Bo día: a importancia da atención ao cliente.

Salta á vista: técnicas de escaparatismo.

Máis por menos: técnicas de mercadotecnia e vendas.

Con todas as da lei: a normativa básica do comercio.

Envolto para que volte: guía do empaquetado e presentación de artigos.

Coidando o meu ambiente: actuacións e prácticas que minimizan o impacto medioambiental.

O meu produto como "tic" queiras: TIC e comercio electrónico (e-commerce).

Galeg@ vende (Tomos 1 e 2): o respecto dos dereitos lingüísticos como ferramenta estratéxica e competitiva.

Sei que me queres: técnicas e prácticas para a fidelización de clientela.

ANA MARÍA RÚA SOUTO
Directora Xeral de Comercio

ÍNDICE

1 A importancia da seguridade e da saúde no traballo
- Factores a ter en conta
- Consideracións básicas
- Pasos a seguir para un espazo seguro

2 A seguridade no establecemento
- Situacións de perigo máis comúns
  - Caídas
  - Golpes
  - Cortes e feridas
- Situacións de emerxencia
  - Intoxicacións
  - Descargas eléctricas
  - Incendios
  - Primeiros auxilios

3 A saúde na actividade do comercio polo miúdo
- Sobresforzos ao manipular cargas
- Malas posturas
- Carga de traballo

4 Anexos

A IMPORTANCIA DA SEGURIDADE E DA SAÚDE NO TRABALLO

A IMPORTANCIA DA SEGURIDADE E DA SAÚDE NO TRABALLO

Se cando desenvolves tarefas diarias como: atender a clientela, recoller os pedidos que chegan, cobrar, ou ordenar e limpar o establecemento, procuras facelo con coidadiño, lograrás ter un ambiente de traballo máis cómodo e seguro.

Coidando certos aspectos básicos, a imaxe do teu establecemento será máis positiva tanto para o persoal, como para a clientela, que poderá, por exemplo, transitar sen dificultade, ou coller os produtos sen estar expostos/as a ningún risco.

FACTORES QUE DEBES TER EN CONTA

Garantir a seguridade e saúde no teu establecemento vai depender dos seguintes aspectos:

As características do local: a seguridade dependerá entre outras cousas de que o chan estea en bo estado e non sexa irregular, de que as escaleiras sexan seguras, ou de algo tan sinxelo coma o coidado da orde e da limpeza.

A calidade e o bo mantemento do material de traballo e mobiliario: coitelos, cutters, tesoiras, máquinas de corte, arestas dos mobles, etc.

Outros factores como o emprego do **material de traballo**, a **sinalización de seguridade**, e o xeito de **manipular as cargas.**

Lembra! Toda a maquinaria e equipos de traballo que utilices para o desenvolvemento da túa actividade, deben cumprir co RD 1215/1997 e posuír o marcado da CE ou unha declaración de conformidade.

Ter en conta estes factores pode diminuír a probabilidade de ter algún contratempo.

CONSIDERACIÓNS BÁSICAS

Para previr posibles situacións de perigo noteu establecemento, é recomendable que teñas en conta as seguintes pautas:

1 Cómpre que contes coa **información suficiente** de cales son os **posibles riscos** que poden afectar ao desenvolvemento da túa actividade e como facer para minimizalos ou reducilos. Por exemplo: se tes un felpudo ou alfombra lixeira que se move, podes correr o perigo de tropezar ou caer. Para que non se mova, o mellor é que o/a fixes ao chan empregando un papel adhesivo especial.

2 Recoméndase estar **formado/a en materia de prevención**. Con só asistir a un cursiño básico, será máis doado detectar os perigos e poñer en marcha as medidas oportunas. Se o precisas tamén podes buscar asesoramento especializado nesta materia.

Lembra! Se tes un/unha ou varios/as empregados/as ao teu cargo, a formación e información dos/as traballadores/as en materia de prevención de riscos (tanto dos riscos no posto de traballo como nas medidas de actuación en caso de emerxencia) é unha obriga para o/a empresario/a. Se queres podes consultalo nos artigos 18 e 19 da Lei 31/1995.

3 É importante a **implicación de todos/as**. A prevención é cousa de todos/as e forma parte dun servizo de calidade.



PASOS A SEGUIR PARA UN ESPAZO SEGURO

Unha vez chegado/a ata este punto, podespreguntarte: cal é o primeiro paso para acadar un espazo seguro e saudable?

A continuación recóllense algunhas pautas sinxelas para que reflexiones e comprobes se o teu establecemento é un lugar seguro. En definitiva, son unha serie de pasos lóxicos que podes seguir:

1 Pensa en **posibles situacións de perigo** que poden darse no interior do establecemento. Podes ir tomando notas delas.

2 Identificados os riscos, reflexiona sobre aquelas **medidas ou actuacións** que poden axudar a evitalos, ou a minimizar o dano.

3 **Informa** das medidas a pór en práctica.

Ao pensar en como mellorar a seguridade e a saúde no traballo, non te esquezas daqueles/as compañeiros/as máis sensibles, aos/ás que poidan afectarlle outras situacións diferentes.

Por exemplo, se a cotío pasas a meirande parte do tempo de pé, e hai algunha traballadora en período de xestación, facilítalle unha banqueta para poder sentarse ou facer descansos.

Se alguén do persoal ten alerxia ao po, e dispós de caretas de papel para manipular os pedidos verase menos afectado.

A SEGURI-DADE NO ESTABLE CEMEN-TO

A SEGURIDADE NO ESTABLECEMENTO

A seguridade non só está relacionada coas condicións nas que desenvolves o traballo (instalacións, material de traballo...). Un exceso de confianza no desempeño automático das tarefas cotiás, tamén pode xogarte unha mala pasada.

Moitas situacións de perigo non acontecen por casualidade, prodúcense por causas que facilmente se poden evitar.

Durante a actividade comercial poden darse unha serie de incidentes:

1 Situacións de perigo máis comúns

Caídas
Golpes
Cortes e feridas

2 Situacións de emerxencia

Intoxicacións
Descargas eléctricas
Incendios
Primeiros auxilios

SITUACIÓNS DE PERIGO MÁIS COMÚNS

CAÍDAS

As máis habituais, suceden por mor de esvaróns, tropezos, ou por perda de equilibrio ao intentar repoñer ou localizar produtos dos mobles con andeis.

Tan só con pór en práctica algunhas medidas ben sinxelas, pode ser suficiente para que non sucedan estas situacións. Por exemplo:

Para evitar tropezos ou esvaróns, ademais do xa dito, cómpre que teñas en conta que: **1**Non debes correr polos corredores e escaleiras. **2**Asegúrate de que o chan sexa estable e non presente irregularidades no firme que non poidan detectarse facilmente. Por exemplo se no establecemento hai unha baldosa solta debes cambiala canto antes, pero mentres, debes sinalizala para que ninguén tropece. **3**Cando o chan estea mollado (por exemplo en días de choiva) ou encerado debes advertilo cunha sinalización axeitada á entrada do establecemento e debes corrixilo o antes posible.**4**Evita que a iluminación reflicta e te cegue. Traballa sempre cos niveis axeitados de iluminación para cada tarefa.

Para non caer cando empregues escadas é importante:

1Comprobar que as escadas sexan seguras e estean en bo estado. **2**Se son fixas é aconsellable sinalizalas cunha banda adhesiva ao comezo da mesma. **3**Cando utilices as escadas, debes fíxalas de forma segura con puntos de apoio. **4**Evita acceder á escada cunha carga excesiva, que reduza a túa visión e en consecuencia poidas perder o equilibrio e caer. **5**Non intentes pasar dunha escada a un andel ou plataforma.

GOLPES

Outro dos riscos máis frecuentes son os golpes co mobiliario, estantes, mobles con andeis, armarios, caixóns e portas. Para mellorar a estabilidade dos mobles e evitar que envorquen, ademais de ter en conta a carga que soportan e que o chan estea nivelado, podes:

1Fixalos á parede. **2**Dispor de topes fixos ou móbiles en caixóns, para que non caian ao abrilos. **3**Dispor de guías con rodamentos nos caixóns para facilitar a apertura.

Ten precaución, se ves caer un moble nunca intentes suxeitalo, xa que podes quedar atrapado/a.

Outras medidas que podes pór en práctica para evitar chocar ou golpearte con obxectos ao caer, son:

1Sinalizar as portas de cristal horizontalmente con cintas de cor que resalten, isto facilita que sexan detectadas.

2Almacenar correctamente os artigos, Como facelo?

2.1. Cando fagas pilastras de caixas lembra: Que todas teñan a mesma forma, así lograrás maior estabilidade. Coloca embaixo as caixas que estean cheas ata o borde, para que non afonden. Coloca as de maior tamaño ou peso máis preto do chan. **2.2.**É aconsellable que dividas o espazo e elixas un lugar para cada cousa. **2.3.**Non sobrecargues con moito peso os andeis. Procura repartir a carga. **2.4.**As caixas de cartón almacénaas nos mobles con andeis ou armarios para protexelas da humidade.

Lembra! No almacenamento debes respectar sempre as zonas de paso, medios e saídas en caso de emerxencia (como extintores).Respectar a orde, é un criterio de seguridade.



CORTES E FERIDAS

Son máis habituais do que se pensa. Na maioría dos casos danse por un despiste, por facer a actividade de xeito mecánico ou por non empregar as ferramentas adecuadamente. **Por iso, cómpre ter información e coñecemento sobre as instrucións de uso e de como manter en bo estado os utensilios e aparellos.**

Se no teu establecemento dispós de máquinas de corte ou desose -**cortadoras, picadoras ou similares**- ou manexas calquera obxecto punzante, de corte ou con arestas -**coitelos, tesoiras, cutters, abrecartas, desaparafusador, navallas**- procura:

1Non empregar unha ferramenta para algo diferente para o que foi deseñada. Por exemplo: non abras unha caixa cun desaparafusador. **2**Protéxete con luvas de malla, cando manipules máquinas ou ferramentas de corte ou desose. **3**Conserva os dispositivos de protección das ferramentas e máquinas. Por exemplo: se non estás a utilizar os coitelos ou as tesoiras, ponlles a funda de plástico. **4**Limpa e conserva os utensilios en bo estado. Se o coitelo xa non corta ben, o mellor é que o afíes ou que empregues outro.

SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

Estas situacións son menos comúns, pero non por iso, menos importantes.

INTOXICACIÓNS

As intoxicacións con produtos químicos, adoitan relacionarse coas tarefas de limpeza, agás nalgunhas actividades como unha drogaría ou perfumaría.

Para evitalas, cómpre que teñas boa conta de:

1Gardar os produtos tóxicos nun lugar ventilado e lonxe de alimentos e bebidas. **2**Conserva as etiquetas dos envases. **3**Respecta as condicións de uso indicadas na etiqueta que levan todos os produtos. **4**Non é apropiado gardar produtos de limpeza en botellas de auga, refrescos,etc.; Pero se empregas envases distintos ao orixinal, sinalízaos para non confundilos. **5**Non mestures os produtos de limpeza que poidan reaccionar entre si. Por exemplo: a combinación de lixivia con amoníaco é moi tóxica.

Lembra:
Cando utilices produtos industriais perigosos, solicita ao distribuidor as fichas de seguridade dos produtos químicos porque conteñen as medidas de almacenamento, aplicación, primeiros auxilios e contraincendios.



DESCARGAS ELÉCTRICAS

Se as instalacións eléctricas ou os aparellos conectados á electricidade se manipulan de xeito incorrecto, corres o risco de recibir unha descarga.

Para evitar isto, é suficiente manter algunhas precaucións:

1Revisa que os cables non estean pelados, ou deteriorados. **2**Procura non desconectar os cables tirando deles, nin sobrecargar os enchufes.**3**Non toques os aparellos eléctricos coas mans ou os pés mollados. **4**Ante calquera incidencia, e para unha correcta manipulación dos cadros eléctricos, debes acudir aos/ás profesionais. Sinaliza os cadros eléctricos e as funcións das caravillas. **5**Se alguén sofre unha descarga eléctrica, o primeiro é desconectar a corrente, logo xa podes tocalo. Se non o fas así, podes electrocutarte tamén.

INCENDIOS

Nos establecementos comerciais, tamén existe a posibilidade de que ocorra un incendio. **Que podes facer para evitalo?**

1Mellorar a orde e a limpeza nos almacéns. Mentres realices tarefas de limpeza, afastar os produtos combustibles (plásticos, cartóns...) dos inflamables (disolventes, amoníacos...). **2**Mantén en bo estado a instalación eléctrica, para que non se produzan curtocircuítos. **3**Dispón dun extintor nun lugar visible, ben preto dos puntos que se consideren que poden ter máis perigo de incendio, ou ben próximo á saída. Lembra! Debes revisar os extintores anualmente e retimbralos cada cinco anos. **4**Sinaliza as portas e vías de saída. A sinalización de saída será de cor verde, que reflicta na escuridade. **5**Sinaliza os medios de urxencia e as vías de evacuación. Lembra! non te esquezas de revisar as luces de urxencia do local.

O máis importante é a prevención!

Como debes manexar o extintor?

Quítalle o precinto de seguridade, achégate ao lume con prudencia, e actívao orientando o chorro cara á base das lapas. É importante que teñas a man as instrucións de uso do extintor.

É recomendable ter un listado cos teléfonos do centro de saúde máis próximo, do centro de atención da mutua de accidentes, protección civil e de urxencias.

Que podes facer en caso de que se produza un incendio?

1 Mantén a calma e actúa con rapidez. Dá a alarma ao servizo de urxencias (Chamar ao 112 é o máis recomendable porque no caso de que haxa feridos/as, xa se encargan de todo).

2 Facilita a todos/as a saída do establecemento e non deixes volver a entrar.

3 Unha vez esteas nunha posición segura, e se cres posible apagar o lume, emprega o extintor.

Lembra, en caso de accidente terás que protexer, alertar e socorrer. Se sabes ben o que fas, actúa. Senón é mellor chamar ao persoal sanitario.

PRIMEIROS AUXILIOS

Cando te atopes nunha situación imprevista na que teñas que auxiliar a alguén que o necesite é necesario que dispoñas:

1 Dunha botica con desinfectantes, gasas, algodón, tesoiras, luvas, etc., coas que podemos atender cortes ou feridas leves. Lembra, gardala nun lugar accesible a todos/as.

2 No caso de que sexa un accidente máis grave e non poidas axudar (parada respiratoria ou cardíaca, hemorraxia intensa, fractura grave...), é importante protexer á persoa accidentada, avisar ao persoal sanitario, e realizar un básico recoñecemento dos seus signos vitais (conciencia, respiración e pulso).

A SAÚDE NA ACTIVI-DADE DO COMER-CIO POLO MIÚDO

A SAÚDE NA ACTIVIDADE DO COMERCIO POLO MIÚDO

Existen moitas doenzas derivadas de sobresforzos e posturas pouco axeitadas en ocasións difíciles de identificar pero ben sinxelas de previr.

Por exemplo, na actividade comercial é moi frecuente que se produzan lesións da columna vertebral ou nos músculos mentres se realizan desprazamentos dun lado para outro, ao flexionar as pernas, ao realizar movementos xiratorios, ao torcer o corpo, ou cargar con material ou mesmo ao estar de pé durante moito tempo ao longo da xornada laboral.



En condicións normais non se recomenda manipular cargas de máis de 25 quilos para os homes e 15 para mulleres, traballadores/as novos/as e maiores.

SOBRESFORZOS AO MANIPULAR CARGAS

Durante a actividade diaria é frecuente, o transporte, manipulación de produtos ou cargas que poden dar lugar á aparición de determinadas lesións ou molestias.

Mais a pesar de que non é frecuente levantar pesos excesivos, o xeito de manipular por exemplo unha caixa, pode provocar a aparición de lesións ou doenzas no pescozo, ombros, cóbados, pulsos e mans.

Como debes manipular as cargas

Para levantar, soster e transportar cargas dunha forma axeitada e previr algunha doenza, basta con poñer en práctica os seguintes consellos:

1 Cando collas unha caixa do chan, aproxímate a ela, separara os pés para ter unha postura máis estable, e coloca un pé máis adiantado na dirección do movemento. **2** A continuación, agáchate flexionando os xeonllos e mantén as costas rectas. **3** Suxeita a carga firmemente. Procura levantala de xeito suave, sen tiróns e empregando os músculos das pernas, non das costas. **4** Mantén a carga pegada ao corpo durante todo o levantamento ou no traxecto. Non adoptes posturas forzadas. **5** Non é bo xirar a cintura, e preferible mover os pés para colocarse na posición axeitada.

MALAS POSTURAS

Se mantés unha postura de traballo inadecuada exposte a sufrir algunha molestia muscular. Para evitalo e especialmente cando traballas de pé ou sentado/a, podes pór en práctica algúns consellos:

1Se traballas de cara ao público de pé, mantén o corpo ben erguido e cambia de vez en cando a posición dos pés, así reduciranse tensións dos músculos. Emprega calzado cómodo para evitar doenzas nos pés e nas articulacións. **2**Se pasas a maior parte do tempo sentado/a, lembra: Mantén unha postura recta, apoiando o lombo na cadeira. Apoia os cóbados na superficie de traballo.Mantén as pernas verticais e en ángulo recto cos pés apoiados no chan. **3**Non manteñas durante moito tempo a mesma postura. Cambia buscando aquela que che resulte máis cómoda.

CARGA DE TRABALLO

Ademais do dito ata agora, existen outro tipos de riscos relacionados coas condicións nas que se desempeña o traballo, que poden repercutir na túa saúde. Para que te fagas boa conta, pensa por exemplo na alta carga de traballo que tes en certas épocas. É posible que algunha vez tiveras unha sensación de falta de enerxía, dor de cabeza, dificultades para durmir, etc.

Segundo os/as profesionais, para diminuír estes síntomas, é aconsellable:

1Organizar a xornada. Aínda que isto non sempre é posible, por exemplo podes intentar facer os pedidos nos períodos de menor afluencia de clientela. **2**Sempre que poidas, e teñas uns minutos libres, podes facer unha pequena pausa e aproveitar para: ir o baño, facer unha chamada, tomar un refrixerio, etc., isto axuda a desconectar. **3**Cando teñas un conflito no traballo, aclárao canto antes, evitarás situacións incómodas. **4**Levar unha vida saudable, combinando unha dieta variada, descanso e exercicio físico axuda a evitar o cansazo.

ANEXOS

ANEXOS

NORMATIVA

1LEI 31/1995, do 8 de Novembro, de Prevención de Riscos Laborais. BOE nº 269, do 10 de Novembro.

2REAL DECRETO 39/1997, do 17 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención. BOE núm. 27 do 31 de Xaneiro. (Orde do 27 de Xuño de 1997 pola que se desenvolve o Real Decreto 39/1997, do 17 de Xaneiro.BOE núm. 159 de 4 de Xullo.)

3REAL DECRETO 485/1997, do 14 de Abril, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo. (o Real Decreto dispón dunha guía técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo que podes consultar no seguinte enlace: www.insht.es)

4REAL DECRETO 486/1997, do 14 de Abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo (o Real Decreto dispón dunha guía técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo que podes consultar no seguinte enlace: www.insht.es)

5REAL DECRETO 487/1997, do 14 de Abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde, relativas a manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorsolumbais, para os traballadores.

6REAL DECRETO 54/2003, do 12 de Decembro, de reforma do marco normativo da prevención dos riscos laborais.

7REAL DECRETO 171/2004, de 30 xaneiro que desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

DIRECCIÓNS DE INTERESE

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Edificios Administrativos
San Caetano, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 54 55 12
Fax: 981 57 34 69

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO
Edificios Administrativos
San Caetano, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 54 43 41
Fax.: 981 54 55 41
e-correo: dxcomercio@xunta.es

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

"Manual de procedimientos de Prevención de Riesgos Laborales. Guía de elaboración". Ministerio de Traballo e Inmigración.

"Guías para la acción preventiva". Ministerio de Traballo e Inmigración.

"Guía técnica para la evaluación y prevención de los riesgos relativos a la utilización de lugares de trabajo". Ministerio de Traballo e Inmigración.

"Señalización en materia de seguridad y salud en el trabajo". Consellaría de Traballo. Xunta de Galicia. 2007.

biblioteca básica do comercio

biblioteca básica do comercio

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRÍA
Dirección Xeral de Comercio

Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia